

Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

do 9 de xullo de 2018

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 09/07/2018
- II. Asistentes á CGIC do 09/07/2018
- III. Guías docentes
 - Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - Mestrado en Enxeñaría de Minas
 - Mestrado en Xeoinformática
- IV. Informes de coordinación
 - Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - Mestrado en Xeoinformática

Ábrese a sesión ás 11 horas e 35 minutos, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria celebrada o 4 de xuño de 2018 e extraordinaria celebrada o 26 de xuño de 2018.

Enviáronse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbanse por asentimento as actas, que serán publicada definitivamente na sección de INICIO/CALIDADE/COMISION DE CALIDADE do centro:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/calidade/comision-de-calidade>

2. Informe da Coordinadora.

- O 13 de xuño de 2018 a Área de Calidade achegou os resultados de satisfacción coas titulacións da Escola. A poboación de estudo son as persoas tituladas no curso 2016/17 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:

Poboación:	Persoas tituladas no curso 16-17
Escala:	De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)

A seguinte táboa presenta un resumo dos resultados acadados:

Título	Sexo	Índice de satisfacción global	Participantes	Poboación	% Participación	Traballa nalgún ámbito relacionado coa titulación?			Recomendaría esta titulación a outras persoas?		
						SI	NON	NS/NC	SI	NON	NS/NC
Grao en Enxeñaría da Enerxía	total	3.42	10	49	20%	30%	60%	10%	70%	10%	20%
	home	3.49	6	36	17%						
	muller	3.30	4	13	31%						
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	total	3.42	2	15	13%	0%	100%	0%	100%	0%	0%
	home	3.24	1	12	8%						
	muller	3.63	1	3	33%						
Máster en Enxeñaría de Minas	total	-	0	7	0%	-	-	-	-	-	-
	home	-	0	5	0%						
	muller	-	0	2	0%						
Máster en Xeoinformática	total	2.88	1	8	13%	0%	100%	0%	0%	100%	0%
	home	2.88	1	5	20%						
	muller	-	0	3	0%						

- Con data 25 de xuño de 2018 recibíronse os resultados de satisfacción do estudiantado coas titulacións do curso 2017/18. A poboación de estudo son o estudiantado de terceiro curso dos graos e estudiantado dos mestrados da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:

Poboación:	Estudiantado do 3º de graos e do 1º ou 2º dos mestrados
Escala:	De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)

Título	Sexo	Índice de satisfacción global	Participantes	Poboación	% Participación	Índice global 16-17	Participación 16-17	Recomendaría esta titulación a outras persoas?		
								SI	NON	NS/NC
Grao en Enxeñaría da Enerxía	total	2.76	35	86	41%	3.10	41%	34%	63%	3%
	home	2.74	22	55	40%	3.02	37%			
	muller	2.80	13	31	42%	3.2	52%			
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	total	3.18	12	57	21%	3.21	25%	83%	17%	0%
	home	3.17	4	33	12%	3.14	21%			
	muller	3.18	8	24	33%	3.29	33%			
Máster en Enxeñaría de Minas	total	3.52	22	41	54%	3.04	40%	73%	27%	0%
	home	3.68	18	34	53%	3.13	39%			
	muller	2.82	4	7	57%	2.73	40%			
Máster en Xeoinformática	total	3.22	2	10	20%	3.91	67%	50%	0%	50%
	home	-	0	5	0%	-	-			
	muller	3.22	2	5	40%	3.91	67%			

- O 27 de xuño de 2018 a Área de Calidade informou dos seguintes aspectos:
- Comeza a recollida de información relativa á DOCENTIA anual (obrigatoria) correspondente ao curso 2016-17. As datas límite son o día 31 de xullo para os centros e o día 3 de agosto para o profesorado.
 - DOCENTIA quinquenal (voluntaria) correspondente aos cursos de 2012/13 a 2016/17 comezará en setembro.

3. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Enviáronse por correo electrónico previamente á celebración da reunión (Anexo III). A directora presenta as guías docentes das catro titulacións da emE:

- Grao en Enxeñaría da Enerxía
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Mestrado en Enxeñaría de Minas

- Mestrado en Xeoinformática

A continuación, cede a palabra ao equipo coordinador dos títulos o cal informa de que todas as guías docentes foron cumprimentadas dentro do prazo establecido e que non se rexistraron incidencias.

A directora agradece a labor realizada polo equipo coordinador: dona María Araújo, don David Patiño, dona Teresa Rivas e don Pedro Arias.

A Comisión aproba por asentimento as guías docentes das titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

4. Aprobación, se procede, do rexistro R3-DO0201 P1 Informe de Coordinación.

Os informes de coordinación (Anexo IV) son un resumo das reunións realizadas polos equipos de coordinación dos títulos, dos cursos, das materias e titores de PAT. Recóllense os principais temas tratados nas reunións, así como as correspondentes reflexións e valoracións que, nalgúns casos, deron lugar a propostas de mellora.

Preséntanse os informes de coordinación das seguintes titulacións da emE:

- Grao en Enxeñaría da Enerxía
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Mestrado en Xeoinformática

A Comisión aproba por asentimento os Informes de Coordinación.

5. Aprobación, se procede, do rexistro R2-D00203 P1 Informe final de avaliación do PAT.

A día de hoxe non se dispón de toda a información necesaria para a elaboración do rexistro, polo que este punto deberá tratarse nunha reunión posterior da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola.



6. Rogos e Preguntas.

Non se producen intervencións

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11 horas e 50 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a nove de xullo de dous mil dezaoitto.

Vº e Prace

A Presidenta

A Secretaria

Elena Alonso Prieto

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 09/07/2018

Por orde da Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da EE Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 9 de xullo de 2018 na Sala de Xuntas do módulo de dirección da EE Minas e Enerxía ás 11:00 horas en primeira convocatoria e ás 11:30 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria celebrada o 4 de xuño de 2018 e extraordinaria celebrada o 26 de xuño de 2018(*).
2. Informe da Coordinadora.
3. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
4. Aprobación, se procede, do rexistro R3-DO0201 P1 Informe de Coordinación.
5. Aprobación, se procede, do rexistro R2-D00203 P1 Informe final de avaliación do PAT.
6. Rogos e Preguntas.



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 09/07/2018.



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 9 de xullo de 2018	
Ángeles Saavedra González	Secretaria
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Elena Alonso Prieto	Presidenta
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Teresa Rivas Brea	Igualdade
Diego López González	Representante da Sociedade
M ^a Carmen Romo Pérez	Administrador/a do centro
Luisa Álvarez Zaragoza	Representante dos Egresados



ANEXO III

Guías docentes

- Grao en Enxeñaría da Enerxía
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - Mestrado en Enxeñaría de Minas
 - Mestrado en Xeoinformática



ANEXO IV

Informes de coordinación

- Grao en Enxeñaría da Enerxía
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - Mestrado en Xeoinformática